



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data			2015/16	
Subject (*)	Modelos e métodos na lingüística actual	Code	613836001	
Study programme	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Official Master's Degree	1st four-month period	First	Obligatoria	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Filoloxía Española e LatinaGalego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinador	Sanchez Rei, Xose Manuel	E-mail	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Lecturers	Lopez Palma, Helena	E-mail	helena.palma@udc.es	
	Sanchez Rei, Xose Manuel		x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
General description	O obxecto do curso é o de proporcionar ao estudiantado unha visión das distintas vertentes e metodoloxías actualmente dominantes na investigación lingüística e treinalo non uso dalgunhas das ferramentas metodolóxicas básicas dentro dunha orientación específica. Concretamente, os obxectivos do curso son: -Coñecer as principais correntes teóricas sobre o estudo da linguaxe. -Analizar e interpretar textos de teoría lingüística aplicando diferentes modelos teóricos. -Diferenciar os principais modelos lingüísticos e a súa fundamentación epistemolóxica. -Desenvolver habilidades para a análise crítica das principais liñas en estudo da lingua desenvolvidas nos séculos XX e XXI. -Coñecer as técnicas que integran a metodoloxía actual de investigación lingüística como parte do método científico. -Adquirir as bases metodolóxicas, terminolóxicas e teóricas de procedementos de análise lingüísticas.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
A4	Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.



B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes		Study programme competences / results	
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, frecuentemente nun contexto de investigación e, máis ao pormenor, nun contexto de investigación lingüística.		BR1	
Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.		BR2	
Integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e valorizacións.		BR3	
Habilitar estratexias de aprendizaxe que permitan ao alumnado continuar a estudar dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.		BR5	
Adquirir coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes actuais no ámbito dos estudos lingüísticos.		BR6	
Adquirir os fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar nos principais modelos teóricos da lingüística actual.		BR7	
Abrir vías de investigación innovadoras no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais.		BR9	
Comprender as interrelacións existentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o mestrado, nun produtivo exercicio de transversalidade entre as materias e os contidos leccionados.		BR10	
Comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas, centrándose nos modelos formalistas e funcionalistas.	AR1 AR2 AR3		
Xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, uso de recursos na rede etc.).	AR9		
Aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de diferentes corpus lingüísticos.	AR4		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma (galego e español).			CC1
Pór en valor a enorme importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade, ben como, do punto de vista do individuo, a grande relevancia que posúe na súa realización persoal e laboral.		BR4	CC8

Contents	
Topic	Sub-topic
1. A lingüística como disciplina lingüística	1.1. A complexidade do obxecto de estudo 1.2. A división en subdisciplinas lingüísticas
2. Ópticas no estudo da lingua e metodoloxías asociadas	2.1. A visión formal da lingua e as súas implicacións metodolóxicas. 2.2. A visión comunicativa da lingua e os funcionalismos.



3. Estudo dunha metodoloxía e as súas implicacións.

Teoría e praxe da aplicación dun modelo teórico

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Workbook	A1 A2 A3 B2 B3 B5 B7 B10	0	30	30
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	15	0	15
Supervised projects	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	0	40	40
Seminar	A9 B1 B3 B7 B10	5	0	5
Introductory activities	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	10	40	50
Personalized attention		10	0	10

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	As lecturas, tanto as obrigatorias como as complementares, serven para o alumnado coñecer o estado da arte sobre un tema previamente marcado polo profesor ou profesora ou para aprofundar nalgún aspecto.
Guest lecture / keynote speech	Sesións expositivas dos contidos da materia obxecto de estudo. Servirán para introduciren e presentaren os diferentes temas do programa, proporen cuestión para debateren e estableceren as directrices para as diferentes actividades e tarefas do curso.
Supervised projects	Trátase dunha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado baixo a tutela do profesorado.
Seminar	Teñen como finalidade a supervisión do traballo do alumno ou da alumna no marco de grupos máis reducidos.
Introductory activities	As actividades serven para o profesorado saber, a través dun medio práctico, cal é o nivel de partida do estudiantado. As actividades e prácticas que non foren iniciais teñen como principal meta que o alumnado aprofunde nun determinado tema ou aspecto dunha maneira eminentemente práctica, ben como que o estudiantado aprofunde na análise de fenomenoloxías lingüísticas tamén dun modo fundamentalmente activo.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Supervised projects	Os traballos tutelados responden a una metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado baixo a tutela do profesorado. Por súa vez, o seminario implica, nun grupo máis reducido, a supervisión do traballo do alumno ou da alumna.
Seminar	

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Introductory activities	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	Outras actividades avaliábeis (exercicios, comentarios etc.).	25
Supervised projects	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	Tarefas relacionadas con cada un dos blocos do programa.	60
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	Neste tipo de sesión terase en conta a asistencia e a participación.	15

Assessment comments



Na segunda oportunidade de xullo, os alumnos e as alumnas poderán presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente ou que non fosen entregues na convocatoria de xuño. No caso de cualificación insuficiente nas seccións relacionadas coa asistencia e participación, a nota do traballo constituirá 100% da cualificación final. Para aquelas persoas con dispensa académica, a puntuación obtida polos traballos suporá 100% da cualificación final, tanto na primeira convocatoria como na segunda oportunidade.

A cualificación "Non presentado/a" (NP) corresponderá a aqueles casos en que, tanto na convocatoria de xuño como na oportunidade de xullo, as persoas non entregasen os traballos tutelados.

Sources of information



Basic	- (A) Dik, S. (1978). "Preliminaries", An introduction to functional grammar. Amsterdam: North Holland. - (A) García Gondar, F. / F. G. Rojo (2000). "A linguística no século XX", Revista Galega do Ensino, 28/2, 221-245. - (A) López García, Á. (1998). "La lingüística del siglo XXI: ¿hacia dónde se dirige la ciencia del lenguaje?", en Gallardo Paúls, B. (ed.), Temas de lingüística y gramática, Valencia, Universidad de Valencia, pp - (A) Mairal Usón, R. / F.J. Ruiz de Mendoza (2010). "La lingüística como ciencia cognitiva. Presupuestos metodológicos para una teoría del lenguaje", en Mairal Usón, R. et al.. Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas. Madrid: UNED/Edit - (A) Martin Vide, C. (1996). "Parámetros para la reflexión sobre el lenguaje humano: a modo de introducción". n C. Martín Vide (ed.): Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro, 11-26. - (B) Alcaraz, E. (1990). Tres paradigmas de la investigación lingüística. Alcoy: Marfil. - (B) Butler, Christopher S. (2003). Structure and function: a guide to three major structural-functional theories.. Amsterdam: John Benjamins. - (B) Cabré, M.T. / M. Lorente (2004). "Panorama de los paradigmas en lingüística". Enciclopedia iberoamericana de Filosofía. Vol. Ciencias exactas, naturales y sociales, coordinado po - (B) Gil, J. M. (2001). Introducción a las teorías lingüísticas del siglo XX. . Santiago de Chile: RIL editores. - (B) Mairal Usón, R. et al. (2010). Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas.. Madrid: UNED/Editorial Ramón Areces. - (B) Heine, B. / H. Narrog (eds.) (2010). he Oxford handbook of linguistic analysis.. Oxford: Oxford University Press. - (B) Sánchez de Zavala, V. (1982). Funcionalismo estructural y generativismo.. Madrid: Alianza. - (C) Báez San José, V. (1988). Fundamentos Críticos de la Gramática de Dependencias.. Madrid: Síntesis. - (C) Butler, C. et al. (1988). Nuevas perspectivas en gramática funcional.. Barcelona: Ariel. - (C) Calsamiglia Blancafort, H. & A. Tusón (2012). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel. - (C) Eggins, S. (2004). An introduction to systemic functional linguistics.. New York: Continuum. - (C) Escandell, V. (1996). Introducción a la pragmática.. Barcelona. Ariel. - (C) Herrero Cedilla, J. (2006). Teorías de pragmática, de lingüística textual y de análisis del discurso.. Cuenca. Universidad de Castilla-La Mancha. - (C) Ibarretxe-Antuñano, I. / J. Valenzuela (dirs.) (2012). Lingüística Cognitiva.. Barcelona: Anthropos. - (C) Machin, D. & Andrea M. (2012). How to do Critical Discourse Analysis. . Londres. Sage. - (C) Moreno Fernández, F. (2012). Sociolingüística cognitiva. Propositiones, escolios y debates.. Madrid: Iberoamericana. - (C) Ruiz Antón, J. C. (1998). Curso de tipología lingüística. Enfoque funcional. . Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I. - (C) Silva, A. Soares da. (org.) (2001). Linguagem e Cognição. A Perspectiva da Linguística Cognitiva. Braga: Ass. Portuguesa de Linguística & Universidade Católica Portuguesa.
Complementary	Lexenda: (A) Introducións, (B) Presentacións xerais, (C) Bibliografía específica.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.